

ACTA N 2020/16

SESIÓN EXTRAORDINARIA E URXENTE DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO DÍA

19.06.2020

ÍNDICE DE PUNTOS

PUNTO PRIMEIRO. RATIFICACIÓN DA URXENCIA DA CONVOCATORIA.....2

**PUNTO SEGUNDO. APROBACIÓN DAS BASES PARA A SELECCIÓN E CONTRATACIÓN DO
PERSONAL NECESARIO PARA A “BRIGADA PARA A PREVENCIÓN DE LUMES FORESTAIS NO
CONCELLO DE AMES” (APROL RURAL).....2**

SESIÓN EXTRAORDINARIA E URXENTE DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL CELEBRADA O DÍA 19 DE XUÑO DE 2020.

Na Casa Consistorial de Ames, sendo as 09:45 horas do día dezanove (19) de xuño de dous mil vinte (2020), reúnese a Xunta de Goberno local deste Concello en sesión extraordinaria e urxente de primeira convocatoria, baixo a Presidencia do alcalde, José Manuel Miñones Conde, e coa asistencia dos/as tenentes de alcalde David Santomil Mosquera, José Blas García Piñeiro, Genma Otero Uhía, Ana Belén Paz García e Natividad González Rodríguez.

Non asiste pero xustifica a súa ausencia a concelleira María Luis Feijoo.

Asiste o **interventor accidental**, Emilio Moreira Garrido.

Actúa de **secretaria** a titular da Corporación, Rosa Ana Prada Queipo.

PUNTO PRIMEIRO. RATIFICACIÓN DA URXENCIA DA CONVOCATORIA.

A motivación desta convocatoria extraordinaria e urxente é a seguinte: Mediante Resolución da Consellería de Economía, Emprego e Industria de 11 de xuño do 2020 (notificada o 15 de xuño do 2020), concedéuselle ao Concello de Ames unha subvención por importe de 28.500 €, equivalentes aos custes salariais totais das contratacións de persoal temporal, dun capataz forestal e dun peón forestal, por un período de 9 meses, para a obra/servizo “brigada para a prevención de lumes forestais no concello de Ames”, tendo como data límite para formalizar as contratacións o día 29 de xuño do 2020.

Dada a brevidade de prazos concorren razóns de imperiosa urxencia para esta convocatoria.

A urxencia é ratificada por unanimidade dos membros presentes da Xunta de Goberno Local.

PUNTO SEGUNDO. APROBACIÓN DAS BASES PARA A SELECCIÓN E CONTRATACIÓN DO PERSOAL NECESARIO PARA A “BRIGADA PARA A PREVENCIÓN DE LUMES FORESTAIS NO CONCELLO DE AMES” (APROL RURAL).

Con data do 18 de xuño do 2020 o concelleiro de Medio Ambiente, presenta unha proposta na que solicita a selección e contratación dunha brigada para a prevención de lumes forestais no Concello de Ames, que estaría composta por un capataz forestal e por un peón forestal, a xornada completa e cunha operatividade de 9 meses.

A dita contratación estaría subvencionada a través do programa de fomento do emprego no medio rural, Aprol Rural, da Consellería de Economía, Emprego e Industria (expediente TR351G 2020/000003-1).

Á vista do anteriormente exposto, mediante providencia da Alcaldía de 18.06.2020, dáse inicio ao expediente.

Figuran no expediente informe da técnica de Secretaría sobre a lexislación aplicable e o procedemento a seguir, así como proposta de bases que rexerá o proceso selectivo, ambos de data 18.06.2020.

Figura informe de impacto económico sobre o custe de contratación, do servizo de recursos humanos.

Figura informe de fiscalización desfavorable no suspensivo do Interventor accidental (informe 1E/2020).

Visto o que antecede, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, previa delegación da Alcaldía (decreto 1776/2019), adopta os seguintes acordos:

Primeiro. Aprobar as bases que figuran como anexo I deste acordo para a selección e contratación dunha “Brigada para a prevención de lumes forestais no concello de Ames. subvencionada a través do programa APROL RURAL”, que estaría composta por:

- Un capataz forestal
- Un peón forestal.

Segundo. Publicar as bases no taboleiro de anuncios e sede electrónica municipal.

Terceiro. Dar traslado aos departamentos municipais afectados.

Cuarto. Facultar ao alcalde do Concello de Ames, para cantas actuacións de trámite sexan precisas para a mellor execución do acordado.

Anexo I

BASES PARA A SELECCIÓN E CONTRATACIÓN DUNHA BRIGADA PARA A PREVENCIÓN DE LUMES FORESTAIS NO CONCELLO DE AMES.

1. Obxecto

As presentes bases teñen como obxecto regular un procedemento para a selección e contratación dun capataz forestal e dun peón forestal para a “Brigada para a prevención de lumes forestais no concello de Ames”.

2. Características dos postos

Causas: A modalidade contractual será a de Obra/Servizo de interese social a tempo completo sendo o obxecto a “Brigada para a prevención de lumes forestais no concello de Ames”

Área de Adscripción: Concellaría de medio ambiente.

Denominación: Capataz

Grupo de clasificación profesional (artigo 22.1 do Estatuto dos Traballadores e Convenio Colectivo): C1

Nivel: 20

Retribucións do posto (bruto): 1.872,83 €/mensuais.

Titulación: Enxeñeiro/a de montes, enxeñeiro/a técnico/a forestal, grado en bioloxía, grado en ciencias ambientais, técnico superior en xestión e organización de recursos naturais e paisaxísticos, técnico superior en xestión forestal e do medio natural, técnico en traballos forestais e conservación do medio natural, técnico en aproveitamento e conservación do medio natural ou formación profesional equivalente.

Denominación: Peón forestal

Grupo de clasificación profesional (artigo 22.1 do Estatuto dos Traballadores e primeira modificación puntual do convenio colectivo do persoal laboral do Concello de Ames, BOP núm. 196, de 17 de outubro de 2016): C3 (agrupacións profesionais)

Nivel: 13

Total salario: 1.294,30 euros brutos/mensuais

Titulación: Certificado de escolaridade ou titulación superior, carné de conducir B

Contido funcional: As tarefas propias do posto de capataz e de peón dentro das seguintes funcións:

Tratamentos silvícolas

Prevención de incendios: ordenación do combustible vexetal, mantemento de faixas de seguridade

Limpeza e reparación de pistas e camiños

Loita contra a erosión: colocación de gavións

Mantemento de sendas e camiños

Traballos de sinalización: colocación de sinais e carteis.

Traballos en viveiro

Traballos na Aula da Natureza: acondicionamentos, desbroces, sendas.

Xeira de traballo: Completa

3. Requisitos dos aspirantes.

Para poder tomar parte na presente convocatoria, os aspirantes deberán reunir os seguintes requisitos:

Estar inscritos no S.P.E.G., como desempregados no momento da selección e na formalización do contrato.

Figurar na listaxe de candidatos/as remitida pola Oficina de Emprego.

Non ter sido contratados como traballadores/as desempregados/as por un período igual ou superior a nove meses con cargo a axudas en materia de emprego concedidas no ano 2019 pola Consellería de Economía, Emprego e Industria (salvo en concellos de menos de 2000 habitantes).

4. Remisión de candidatos/as

De conformidade co artigo 14 da Orde do 20 de decembro de 2019, pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para o fomento do emprego no medio rural (Aprol rural) e se procede a súa convocatoria para o ano 2020, os/as candidatos/as deberan ser persoas demandantes non ocupadas e estar dispoñibles para o emprego. Estes requisitos deberán cumprirse tanto no momento da selección como no da formalización do contrato de traballo temporal coas cláusulas específicas de traballos de interese social.

As persoas candidatas serán remitidas ao Concello co fin de que este realice a selección definitiva, que deberá ser notificada, para o seu coñecemento, á correspondente oficina de emprego.

5. Sistema selectivo

A selección consistirá nun concurso-oposición.

Concurso: **A puntuación máxima que se pode obter neste apartado son 6 puntos.** O baremo da fase de concurso farase en base aos seguintes criterios sociais:

A) Cargas familiares (entendendo como tales ter a cargo da persoa traballadora desempregada que se contrate ao/ á cónxuxe, á parella de feito, fillos/as menores de 26 anos ou maiores con discapacidade ou persoas maiores incapacitadas ou menores en acollemento). Puntuarase 0,50 puntos por cada un dos supostos anteriores, **ata un máximo de 1,5 puntos.**

Forma de acreditar a situación:

Caso de fillos/as a cargo menores de 26 anos: libro de familia e certificado de convivencia

Caso de fillos/as maiores de 26 anos con discapacidade: libro de familia, certificado de discapacidade e certificado de convivencia.

No caso de persoas a cargo en situación de dependencia: deberá acreditarse ca resolución de dependencia e o certificado de convivencia.

No caso de cónxuxe ou parella de feito a cargo: deberá acreditarse co libro de familia ou resolución de inscrición no rexistro de parellas de feito da xunta, e co certificado de períodos de inscrición expedido pola oficina de emprego correspondente conforme está en situación de desemprego.

No caso de menores en acollemento: resolución que acredite tal circunstancia.

B) Maior de 45 anos, 0,5 puntos

Forma de acreditar a situación: NIF

C) Idade. Menor de 30 anos, 0,5 puntos. Si ademais de ter menos de 30 anos se trata de demandantes do primeiro emprego e sen cualificación profesional, 1 punto. Neste apartado puntuarase por solo un dos conceptos.

Forma de acreditar a situación: NIF, vida laboral e currículo do servizo público de emprego.

D) Mulleres, 0,5 puntos. Si ademais acredita a condición de vítimas de violencia de xénero 0,5 puntos. Máximo de 1 punto.

Forma de acreditar a situación: NIF e informe dos servizos sociais que acrediten a condición de muller/home vítima de violencia de xénero.

E) Persoa con discapacidade do 33% ou superior. 0,5 puntos

Forma de acreditar a situación: Certificado de discapacidade

F) Persoa desempregada que esgotase as prestacións e subsidios por desemprego a que tivese dereito: 1 puntos

Forma de acreditar a situación: Certificado expedido pola oficina de emprego correspondente que acredite esta circunstancia.

G) Integrantes de colectivos desfavorecidos ou en risco de exclusión social, especialmente persoas beneficiarias da renda de integración social de Galicia. 0,5 puntos

Forma de acreditar a situación: Informe dos servizos sociais acreditativo desta circunstancia.

H) Parados/as de longa duración. 0,5 puntos

Forma de acreditar a situación: Documentación remitida polo Servizo Público de Emprego de Galicia.

A valoración destes criterios polo Tribunal de selección farase en base a documentación acreditativa das circunstancias a valorar e que achegarán os solicitantes como data límite o día da celebración do suposto práctico correspondente a fase de oposición.

Fase de oposición: De carácter obrigatorio e eliminatorio. **A puntuación máxima que se pode obter neste apartado son 15 puntos.**

Resolución por escrito dun cuestionario de 5 preguntas de resposta curta, relacionado co contido funcional dos postos e co temario que se reflicte no anexo I desta bases para cada un dos postos que se ofertan.

O cuestionario de 5 preguntas de resposta curta que deberán realizar os aspirantes terá unha duración máxima de 60 minutos. O exercicio será determinado polo Tribunal inmediatamente antes da realización do mesmo. Este

cuestionario cualificarase de 0 a 15 puntos, debéndose obter unha puntuación mínima de 7,5 puntos para superalo, correspondendo ao Tribunal determinar cal é o nivel de coñecementos mínimos necesarios para obter esta puntuación.

6. Tribunal cualificador.

O tribunal, cuxa composición se adecuará aos criterios de imparcialidade e profesionalidade, así como aos restantes requisitos previstos, ao efecto, pola normativa de aplicación (artigos 60 do Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público e 59 da Lei do Emprego Público de Galicia), estará conformado polos seguintes integrantes (dos que se deberá nomear, en todo caso, titulares e suplentes):

- Presidente
- 3 Vogais.
- Secretario/a

O tribunal non poderá constituírse, nin actuar, sen a presenza, cando menos, de tres de seus membros, titulares ou suplentes, debendo estar presentes en todo caso o presidente/a e o/a secretario/a. De tódalas reunións que celebre o tribunal, o/a secretario/a redactará a correspondente acta.

Os membros do tribunal absteranse de intervir, e o comunicarán á autoridade convocante, cando conorra algunha das circunstancias previstas, ao efecto, na normativa reguladora de réxime xurídico das administracións públicas. Así mesmo, os aspirantes poderán recusar aos membros do tribunal cando conorran ditas circunstancias.

O tribunal resolverá, por maioría de votos dos seus membros presentes, tódalas dúbidas e/ou cuestións que se susciten ao respecto da aplicación e/ou interpretación das normas contidas nestas bases, así como nos supostos non previstos nas mesmas (recabando, no seu caso, a emisión de informe e/ou opinión especializada por parte dos asesores que, ao efecto, poidan ter sido requiridos)

O tribunal poderá dispoñer a incorporación, nos supostos en que así o estime oportuno (previo acordo formal adoptado ao respecto), e aos efectos da asistencia/colaboración na súa actuación e/ou traballos propios, de asesores; que actuarán con voz e sen voto, limitándose ao exercicio das especialidades técnicas/profesionais en base ás cales foran requiridos para o dito asesoramento.

Os membros concorrentes ás sesións do tribunal, e para os efectos de percepcións de asistencias, se clasificarán consonte o disposto no Real Decreto 462/2002 sobre indemnizacións por razóns de servizo (e normativa concordante e/ou substitutiva)

En todo o non previsto nas presentes bases, o procedemento de actuación do tribunal axustarase ao establecido na normativa aplicable á formación da vontade dos órganos colexiados.

7. Proposta do Tribunal

Tras a fase de concurso e a de oposición, o Tribunal fará pública a puntuación obtida polos/as candidatos/as mediante anuncio na sede electrónica e na páxina web do Concello de Ames.

Finalizado o proceso selectivo o Tribunal fará pública a puntuación total dos/as candidatos/as proponendo a contratación dos aspirantes que houberan obtido maior puntuación para cada un dos postos, peón forestal e capataz forestal, e proponen a creación dunha bolsa de traballo para posibles substitucións do persoal titular e que terá a mesma vixencia que a obra ou servizo obxecto deste proceso selectivo.

8. Contratación.

A Alcaldía-Presidencia resolverá a contratación dos/as aspirantes propostos/as polo Tribunal e a creación da bolsa de traballo para posibles substitucións do persoal titular e sempre dentro desta obra ou servizo.

9. Incidencias.

O Tribunal queda facultado para resolver as dúbidas que se presenten e tomar os acordos necesarios para a boa orde do proceso en todo o non previsto nas bases.

10. Publicidade do proceso selectivo.

Poderase obter información en relación con estas bases, a súa convocatoria e cantos actos administrativos se deriven dela e das actuacións do Tribunal, no servizo de RRHH do Concello de Ames.

Temario Capataz

Concello de Ames: características do medio físico.

Concello de Ames: integración administrativa supramunicipal.

Concello de Ames: división territorial inframunicipal.

Concello de Ames: vías de comunicación.

Lei 3/2007, de 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia. Texto consolidado a data

actual.

Lei 7/2012, de 28 de xuño, de montes de Galicia.

Labores de xestión de biomasa nas faixas de protección fronte lumes forestais

Prevención de incendios faixas secundarias.

Seguridade e saúde nos diferentes tipos de traballos forestais.

Equipo e maquinaria de traballo forestal: descrición e mantemento.

Especies invasoras mais comúns en Galicia.

Tratamentos silvícolas: desbroce manual selectivo, clareos, podas. Emprego de ferramenta

Xeolocalización mediante gps

Temario Peón

Lei 3/2007, de 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais.

Lei 7/2012, do 28 de xuño de montes de Galicia.

Coñecemento do entorno físico, natural e xeográfico do Concello de Ames.

Tratamentos silvícolas: desbroce manual selectivo, clareos, podas. Emprego de ferramenta

Prevención Incendios forestais: faixas secundarias,

Seguridade e saúde nos diferentes tipos de traballos forestais.

E non habendo máis asuntos que tratar levántase a sesión ás dez horas do día de referencia, de todo o que eu, como secretaria, deixo constancia.

O alcalde

José M. Miñones Conde

A secretaria

Rosa Ana Prada Queipo